

BUSCANDO A DALIA

LITERARIA

1ª edición, 1ª impresión, 2026

© Miguel Anxo Fernández, 2026

© Editorial Galaxia, S. A., 2026
Avenida de Madrid, 44, baixo, 36204, Vigo
www.editorialgalaxia.gal
galaxia@editorialgalaxia.gal

ISBN: 978-84-1176-623-4
Depósito legal: VG 478-2026

FOTOGRAFÍA DO AUTOR
Lola Veleiro, 2023

IMAXE DA CUBERTA
Lola Veleiro, 2017

DESEÑO DA CUBERTA
Hayat Husein

MAQUETACIÓN
Alba Pernas

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable.

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

BUSCANDO A DALIA

UN NOVO CASO
DE FRANK SOUTELO



Para ti, que estás.
Para vos, que sodes.

Está a morrer xente que nunca morrera.

TÍA CASTORA

Sangue non había.

Apareceu envorcado nunha senda forestal a uns quilómetros da vila cara ao monte da Madanela, sen rastro das súas pertenzas. Un veciño con problemas de insomnio, residente preto do desvío á pista asfaltada que sobe ao lugar, estrañouse de que a esas horas da noite pasase un camión de asistencia cun coche na plataforma, e máis se estrañou de que, un tempo despois, baixase xa sen a súa carga. Ao fulano picoulle a curiosidade e subiu na bici á mañá cedo; atopou o vehículo baleiro, coas rodas invertidas.

Un Smart Fortwo Brabus Cabrio.

Alguén tomara demasiadas molestias en limpalo todo. Un deses que por aquí chamamos *cleaner*.

Era negro.

Coma o dela.

“Dalia Maxino está desaparecida.”

De xeito tan rotundo rezaba o asunto do correo que Pat me pasara impreso.

Remitía a súa empresa, Securitas Suevia.

O seu socio dicíame que daba curso ao mandado textual que ela lle confiara: “Se algunha vez transcorren uns días sen saberdes de min por cousas do choio, avisade a Frank Soutelo”.

Fora ela a que lle deixara o número e mais o *e-mail* da Frank Soutelo Detective. O informante comunicábame que, considerando a urxencia do caso, e debido á diferenza de fuso horario, recorría primeiro ao correo e que xa me chamaría en canto abrise a oficina en Los Ángeles. Engadía o seu contacto persoal.

Ao parecer, Dalia despedírase tres días antes, ao remate da xornada, dicindo que marchaba de Vigo para O Carballiño e, desde aquela, nin o móbil respondía nin aparecera pola súa casa de Flores.

Sen perder un minuto, marquei aquel número sen me importar que alá fose noite pechada.

Tardou un chisco e respondeume unha voz á que viña de lle estragar o sono.

Polo visto tíñame memorizado, porque nin preguntou.

—Aquí andamos, Frank. Botaba unha cabezadiña no despacho. Algo vai mal...

Pasou a me relatar o detalle dos feitos.

—En canto a Garda Civil me informou da aparición do coche, formalicei a denuncia. Atopouno un que facía *mountain bike*, pois é zona pouco transitada por estar a monte. A estreita pista asfaltada morre sen chegar á cima. Envorcou antes.

O da denuncia era o trámite normal; porén, agacheille a miña sospeita de que xa podía poñerse en lista de espera se agardaba axilidade no caso por parte dos uniformados.

Non había moito que regresara de Galicia e sabía que os recortes por mor da crise tamén afectaran seriamente o funcionamento, forzas da orde incluídas. Os seus sindicatos queixábanse de que as baixas por xubilación non se cubrían a igual ritmo. Ata escaseaban os chalecos antibalas.

—Sábese como chegou o coche alí?

—Nunha plataforma; quen o fixo tomouno con calma, pois mesmo eliminou as pegadas das rodas nos metros de desvío, fóra do asfalto.

A miles de quilómetros, aquel fedor a chamusco resultábame insoportable.

Quizais tiña relación co acontecido semanas atrás, cando eu andaba por alá en xestións profesionais con Dalia, despois de me implicar nun choio sen eu o pretender. Acháranse dous cadáveres sen remitente polos arredores do Carballiño e había algunha outra cousa demasiado fedorenta. O sarxento Franeiras fedellaba pola súa conta e ela colaboraba inducida por min, e, aínda que a efectos formais o caso pertencía á policía de Ourense, nós manexabamos datos relevantes aos que os axentes nin chegaran nin chegarían... Iso ben que o sabiamos, mais non adiantemos os feitos.

Para Dalia e Franeiras era cuestión vocacional, pois ninguén os contratara, pero investían o seu tempo no asunto. Mentres permanecín na Breogania, contribuíñ co meu olfacto ao espíñento caso, ata que tiven que retornar a Los Ángeles urxido polo estrés da miña oficina. Tirando dun dos refráns que lle escoitara á tía Castora: “O que ten tenda que a atenda”, non podía deixar a Pat soa por moito que xa contratásemos un xubilado da LAPD, colega dos vellos tempos, para botar un cabo. Aquel asunto dos dous friames e outras cousas de premer o nariz quedaran en boas mans, sabendo, reitero, que era competencia policial.

No meu país, situacións coma aquela do Smart Fortwo Brabus Cabrio, aparecido no monte e sen Dalia dentro, case sempre remataban mal. Era a maneira rápida de eliminar testemuñas.

Optaran por embarrancar o vehículo, cando o máis efectivo sería queimalo, pero imaxino que terían razóns para non optar por aquela opción. Se cadra, tiveran a urxencia dalgún imprevis-

to, mais empregaran o seu tempo en borrar pegadas, e mesmo en avaliar posibles riscos. Provocar un lume nun monte con certa altura, como era o da Madanela, aínda sendo inverno, levaría unha fumeira incómoda que decontado se divisaría desde os catro puntos cardinais: o pirómano nunca sabe con que se atopará durante o seu regreso. Deixar unha carga retardada das usadas polos incendiarios tampouco era de fiar, pois funcionan a xeito cando cadraba.

Ben sabía das capacidades profesionais de Dalia para casos de apuro, mais había que poñerse no peor.

Pedinlle a Pat que me xestionase o primeiro voo, sen importar que multiplicase as escalas.

Desta vez non torceu o morro. Coñecéranse nunha viaxe anterior e entre elas houbera *feeling*. Levaría a Pat comigo de boa gana, co engadido de lle dar unha alegría á tía Castora, mais a Frank Soutelo Detective non podía quedar orfa. Así a todo, non descartei incorporala de se terzar. A oficina non valía o que Dalia valía.

Mandeille mensaxe ao da Suevia, dicindo que marchaba para alá.

A cousa pintaba mal, mais polo visto os *cleaner* de alí carecían do nivel dos nosos, pois o socio de Dalia, nunha segunda conversa pouco antes de embarcar, engadira un detalle inquietante, e por iso voaba xa camiño de Madrid vía Londres, e despois Compostela.

Non limparan ben.

Os da científica atoparan restos de sangue no coche. Cotexáranos cos datos do seu historial médico, e non era dela.

Todo moi raro.

Fagamos flashback.

SEMANAS ANTES

O walkie, enriba da mesa, cuspía o seu son sucio, coas inevitables interferencias. Naquel intre estabamos sós no bar.

—Franeiras, cópiasme?!

Seguía o son, mais pasaba de responder.

Por fin colleuno, medio alporizado.

—Que foi? Non se pode mollar a palleta tranquilo, cago no demo!

Era noite pecha. Pasara pola Local para velo, aproveitando que estaba de visita no Carballiño por outra encomenda de Dalia Maxino, e achegáramonos ao Mesón do Xamón a tomar unhas cervexas.

—Estamos en Mesego e isto ten moi mala pinta —respondía o da chamada.

—Canta mala pinta?

—Mellor é que veñas. Temos un friame.

O sarxento nin se inmutou. Semellaba que aparecesen friames a diario pola vila do Arenteiro.

—E a Garda Civil?

—Aínda non a avisamos, como é natural...

Franeiras sorriu coa resposta, e díxolle “ben feito”.

—Hai choio, Frank. Por aquí non é frecuente un cadáver ao fresco, á marxe dos que espichan na súa cama. Se queres vir...

Mirei o reloxo, eran as nove da noite daquel marzo chuvioso e frío en exceso, segundo lera esa mesma mañá. Unha voceira de MeteoGalicia afirmaba que o mes levaba un 30 por cento de precipitacións sobre a media doutros anos, con máis de 60 litros por metro cadrado. Lembraba as cifras por ser múltiplo, e xa na véspera a tía Castora me agasallara coa sentenza “Vento marzal, bo temporal”, farta de levar días e días sen poder estar á fresca da tarde, de parola coas veciñas.

Instalárame na pousada do pazo da Almuzara coa conseguinte decepción de Dalia, que me ofrecera repouso na súa vivenda de Flores, pero non andaba eu nin para labores domésticos nin para provocarlos a ela. Tampouco era do caso dar explicacións de atopar quen me desfixera as sabas.

—Xa limpa a veciña que me goberna as cousas —aclarárame. Nin así o entendeu.

Baleirei a Superbol negra sen alcol e Franeiras unha Estrella Galicia “como Deus manda”, que así a pedira. Fixéranme analítica había pouco e o meu galeno de Los Ángeles, ao que coñecía de cando estivera na LAPD e ao que lle encomendara a miña saúde desde aquela, suxerírame moderación etílica por cousa do fígado. Non renunciara ao bourbon, naturalmente, pero si ao resto por un tempo.

Aceptei acompañalo e camiñamos ata o seu Land Rover particular, no aparcadoiro reservado aos coches-patrulla diante do cuarteliño. Pillamos unha boa molla.

—Un garda non gasta paraugas.

Estiven por dicirlle que vaia parvada.

Vestía o seu chufasqueiro da Local e mais a gorra, mentres a min me valía a gabardina e un chapeu de auga mercado a correr e axeitado para estes casos.

Minutos despois estábamos no lugar, afastado dunha estrada comarcal e ao que se accedía por unha pista ampla de terra enla-

mada que lle provocaba un lixeiro bambeo ao coche, porque non se podía amarrar a unha superficie sólida. Paramos a carón dun soar destinado a acoller casas acaroadas, segundo informaba o letreiro da inmobiliaria a poucos metros de nós.

A auga non cesara.

O Nissan da Local xa estaba aparcado, coas luces azuis xiratorias traballando. Era o único nese intre, e algo máis adiante enxergamos dous gardas, tamén sen paraugas, e outra persoa que se cubría cun de cor morada, ademais de vestir chuvasqueiro longo. Pareceume ver contra o que parecía monte a silueta de alguén, pero bastante lonxe, e a chuvia non favorecía a visión malia a luz procedente dunha casa alumeada preto de onde se achaba. Deducín que só lle interesaba ver o espectáculo desde alí. Tres lanternas de man gañábanlle a partida á escuridade segundo se meneaban nas mans e, ao tempo, daban luz ás pingas que seguían a caer, agora con menos forza.

Franeiras aparcara o Land Rover orientando os seus faros cara ao lugar e, mentres baixabamos, xa un dos gardas se achegaba a nós portando a súa lanterna.

—Sarxento, isto é igual que en *Seven* ou en *CSI*...

Miroume.

—Este é o cinéfilo prosmeiro do cuartel.

—...?

—Ves como calza a pistola?

Sinalouma e mireino. Alá tamén os hai así, dos que levan a arma regulamentaria pendurada coma nun filme do Oeste.

O xefe da Local dirixiuse a continuación ao cinéfilo prosma.

—Nin *Seven* nin *C.S.I.* nin hostias... Déixate de parvadas. O Carballiño non é Hollywood, cona!

O increpado puxo cara de dicir “a culpa é miña por falarlle destas cousas a un pailán”.

Pisabamos un chan que non fora remexido e que conservaba herba, moi abrandado pola auga caída, que trancaba o noso andar, coma se quixer arrincarnos o calzado ao tirar dos pés. Fomos os tres onda o outro garda, que resultou ser muller, cun tipo ao seu carón, ataviado cun chufasqueiro longo. Ambos os dous miraban abaixo cando nos achegamos.

A axente nada dixo e Franeiras saudou o home do paraugas morado.

—Nico, ti por aquí?

—Ben sabes que resido preto —sinalou co polgar cara atrás, indicando en abstracto ata onde tiña a casa, alí onde me parecera ver alguén mirando, moi ao fondo— e que saco o can para que mexe. O animal púxose tolo ao ver isto —o fulano apuntou o animal coa lanterna, que agora estaba algo máis adiante, suxeito a unha póla e expectante, como dicindo “vaia cristo montei”.

Un varón espido, de estatura media, en posición inversa á fetal, cos pés atados ao pescozo polas costas, e outro tanto coas mans, igualmente atadas contra o pescozo, de maneira que, de estar vivo e querer moverse, lle sería imposible.

—Fódase, pero se é...

Ao Franeiras completoulle a frase o tal Nico.

—... o Amargo...

E a un tempo ambos os dous a dúo:

—O da chaqueta curta e o carallo largo!

E esmendrellábanse xuntos.

O sarxento decatouse da miña absoluta incredulidade polo xesto e viuse na obriga de aclararme aquelas gargalladas a des-tempo.

—O Amargo, que tal se chamaba, vén sendo da nosa quinta, ano arriba, ano abaixo, e, de novos, cando faciamos broma de

calquera cousa, o Nico e o resto diciámoslle así. Non é o momento diso, seino, pero é o que hai...

Mirou divertido para aquel Nico.

—Malia tirar a baixo e februdo, calzaba ben e era un foden-chas —completou a información o do can.

Xa postos, a saber se aquel factor non lle daría o billete ao alén. Díxenlle a Franeiras que preguntase se alguén tocara o defunto. Seica non. Pedinlle a lanterna e paseeina polo cadáver. En principio, falo da chufa ou non estaba ou non se vía. Agarrei a Franeiras por un brazo e, en voz baixa, comenteille se poderían afastarse todos.

—Veña, recuade un chisco —ordenoulles aos tres, estendendo os brazos e levándoos uns metros para atrás—, que o imos observar con detalle.

Fixo ben en non me mencionar.

O Nico miroume como dicindo “e ti quen vés sendo”, así que lle volvíñ falar ao sarxento sobre a discreción do tal, non fose darlle á lingua.

—Non te preocupes, déixamo a min.

Achegouse a el, apartouno e algo lle dixo.

Franeiras e mais eu agachámonos sen tocar o defunto. A miña experiencia dicíame que o tipo debía levar morto máis dun día, aínda que moito menos tirado alí pola forma do acubillo ao seu arredor. Boa parte do soar estaba a sábrego, mais pousáranos sobre unha zona con herba de escasa altura: de pretenderen rastrexar pegadas os da científica ían fodidos. Parecía que aquel chan acollera pouco antes unha verbena. O corpo tiña unha cor esbran-cuxada que lle marcaba os ósos da cara, das mans e dos xeonllos, coma se se desangrase. E restos de sangue non había.

Dirixín a lanterna de Franeiras ás unllas. Limpáranllas, as das mans e as dos pés. Cousa estraña, podía tratarse dun ritual ou

alguén tomara molestias de máis, pois, por moita auga que caese naquelas horas, nada tiña que ver.

—Raro, non? —comentaba o sarxento que se decatou do das unllas.

Seguín explorando e intuín que desaparecera a súa tal ferramenta de fodenchas. Tería que remexer o corpo para certificalo, pero iso xa sería excesivo.

Observei os nós que lle fixeran, e concluí que eran nós mariñeiros. Non me consideraba experto niso, mais o amigo Beni, aquel cambadés do restaurante en Santa Mónica ao que ía con frecuencia e que tiña un pequeno iate amarrado alí, adoitaba facer unha chea deles e xuraría que vira algún así nunha das súas demostracións. Pendurara nunha parede do local un cadro acristalado —agasallo da súa familia de Cambados— onde se reproducían varios modelos de nós mariñeiros.

O friame tiña o rostro cos ollos pechos e un chisco ladeado. Mandeille a luz á cara e pareceume que algo asomaba na súa boca.

Pedinlle ao sarxento un bolígrafo e sacou un Bic.

Separeille os beizos. Era un anaco de papel dobrado.

Nunca me pasara, pero lembraba telo visto nalgún lugar, pode que nunha película ou se cadra nun daqueles episodios de *C.S.I.* citado polo garda que ademais era cinéfilo prosma. Fluxo da televisión, mais ás veces préndoa para pillar o sono e quizais nunha desas.

Mirei a Franeiras, que se dirixiu a onde agardaban aqueles tres; volveu cun paquete de cigarros baleiro.

—Méteo aquí.

Aquel recipiente accidental podía contaminar a proba, pero tampouco era un caso meu e tamén tiña moi claro que non ía aventurar ningunha hipótese. A prioridade era coñecer aquela mensaxe.

Franeiras gardou a caixa nun peto do seu chaleco e erguémonos.

—Se vas estar nisto, cómpre sacar fotos —comenteille.

—Pois imos fodidos. No cuarteliño temos unha cámara, pero non a usamos.

Díxenlle que valería o meu iPhone. Vin que aínda quedaba batería e saquei unhas cantas fotos. Non serían para colgar nunha exposición, mais servirían de ser necesario.

Comprobamos que deixabamos máis pegadas naquela herba que as que xa había e regresamos ao grupo.

O fulano que eu vira algo lonxe xa non estaba.

—Chama polos de verde, dilles que hai un friame —ordenou— e, ollo, acabamos de chegar. E ti, Nico, paseabas co can hai quince minutos e, como me coñeces, o primeiro que fixeches foi preguntar por min e estes dous chegaron antes. Canto a este home —sinaloume— é un parente da miña dona que me acompañaba cando recibín a chamada. É policía en Los Ángeles, pero está de vacacións.

O Nico era de estatura normal, sen sobrepeso e con calvicie, adiviñei, pois atara a carapucha do chuvasqueiro e non se apreciaba. Achegouse para me tender a man.

—Moito gusto!

Apenas nun suspiro apareceu a ambulancia.

Estrañoume tanta eficiencia, pero non preguntei. Baixaron dous tipos que se achegaron sen lles importar a chuvia, con candasúa lanterna.

Mirámoslos todos.

De alí a pouco entrou unha patrulla da Garda Civil con rebumbio de luces e dous axentes de verde. O can perdeu a calma e comezou a ladrar. Franeiras adiantouse e saudáronse con rutina ao estilo militar. Coñecíanse e o total dos cinco uniformados foron onda o cadáver.

—Saca a cinta e cerca isto —mandoulle o sarxento á muller garda.

Un dos acabados de chegar portaba cámara e tiraba fotos, mentres aquel Nico me poñía ao tanto, un chisco afastados deles.

—Xa é casualidade; nunha parte deste enorme soar houbo unha gran casa modernista, cun peche amurado en pedra, que levaba moito tempo abandonada. Antes de vendela hai poucos meses, e non barata, as máquinas derrubárona e levaron os cascallos. Por iso está todo así —sinalou o sábreiro aberto algo máis adiante e a pista en que estabamos—, e os da inmobiliaria queren comezar xa.

A visión era moi escasa coa noite tomando a zona. Emulando o coche de Franeiras, un garda civil orientou o seu ata o cadáver, cos faros acesos. Outro tanto fixo un da Local. Desde onde ficabamos nós, o cadro tiña algo de fantasmagórico. As luces recorriban agora os cinco axentes arredor do morto.

O Nico seguía co seu carrete ao meu carón, ambos os dous mirando para o lugar do morto.

—Dicía casualidade, por que?

—Cousas da vida. Saberá que esta propiedade —moveu a man de esquerda a dereita— pertencía á familia do Amargo...

Case me provocou un chimpó; se non o dei foi porque un xa criou talo neste oficio.

—Ah, si?

—Á do pai, en concreto.

—Xa é casualidade, ho.

O de que ese feito tamén podía ter relación co suceso gardeime de llo dicir, porque adoeceía por saber do contido do papel que aparecera na boca do morto.

—Realmente —baixou o ton de voz—, o Amargo criouse sen pai. Xa sabe, dicíanse merdadas entre dentes, pero, ao ser

xente acomodada, tampouco se ventilou moito, como acontecía cando as familias non tiñan un peso. A este non lle dicían fillo de puta, mentres que, a outros sen pai, espetábanllo e mal que o levaban. A súa nai era señora moi vistosa, pretendida por moitos, sen casar nunca.

—Ten irmáns?

—A señora?

—A vítima...

—Non, herdeiro único. Vivía coma un pachá, pero deixábase ver pouco pola vila nos últimos anos. Iso si, a sona de fodenchas tívoa sempre. E menos mal que espichou, pois se chega a irse da lingua... En canto coñezan o deceso, hai alomenos tres señoras ben casadas que respirarán tranquilas sabendo que andará polo inferno.

Ollei para aquel libro aberto que, se cadra sen o pretender, estaba a facilitar munición abonda e despregar un abano de sospeitas.

Chegou outro coche e del baixaron o condutor, unha muller e un home cun maletín. O condutor valíase dunha lanterna, a muller apañábase coa do móbil e o do maletín limitábase a seguilos.

Os uniformados xiráronse; Franeiras e mais o oficial da Garda Civil saudaron a señora novamente ao estilo militar.

Deducín que se trataría da xuíza.

Un de uniforme levantoulles a cinta para que pasasen.

Había montada alí unha romaría, aínda que nada comparable ás de Nova York ou Los Ángeles arredor dun cadáver. De ser así, alí habería un mínimo de catro coches patrulla, un ou dous cos detectives, ambulancias, unidades móbiles de televisión, reporteiros *freelance* á caza de imaxes que vender ás canles..., en fin.

—Outra casualidade.

Aquel Nico sacoume do meu ensimesmamento.

—Ve o do maletín?

Reparei nel con dificultade. Un tipo un chisco máis alto ca min.

—É Antonio, o forense.

—Xa o supuña.

—Seica é unha eminencia, digo eu que será no seu, porque no resto... Pois non sei se non terá motivos para alegrarse cando vexa o Amargo.

—E iso?

—Na vila falábase de que o defunto se beneficiara a súa muller durante algún tempo e diante dos seus fociños —outro sobresalto.

—Dixomedíxomes. Adoita pasar —dixen por dicir.

—Hummm... Algo había; pouco despois divorciáronse e dela nunca máis se soubo.

—Un divorcio pode ser por moitas razóns —non ía dicirlle a aquel as do meu, por exemplo.

—É un agarrado máis antipático que fame dunha semana.

Dei por boa a aseveración.

—O que non sei é se o divorcio foi por convencemento propio ou por mandato da súa nai.

—A nai?

Nico xa non era un libro aberto, era unha enciclopedia.

—Arrea coa señora! Tiña o carácter máis adocido de toda a contorna, ademais de ser unha comesantos e unha papaobleas; pero tiña boa planta e algo contan con sabas polo medio... Armáralle un altercado a un crego novo que botara un tempo por aquí, por entender que a Igrexa actual era demasiado moderna.

—E iso?

—Montouille un cristo cando meteu nas misas un coro con guitarra e piano...

—...?

O informante collera carreira, mentres, a escasos metros, o Amargo era o foco de varias miradas.

—El sacara praza fóra ao rematar os estudos, e estivo algúns anos lonxe de aquí, pero como era fillo único tivo que virse coa súa muller ao lle morrer o pai. Para mirar pola nai, seica, que se negaba a entrar nunha residencia e a deixar a súa casa de sempre. Por certo, unha casa urbana antiga, na propia vila e que chama bastante a atención polas súas trazas. Por iso pediu o traslado á capital. Traballa alí e reside aquí, nesa vivenda.

—Casos así hainos a moreas...

—A nai faleceu hai xa meses. A saber por onde anda agora derramando vinagre.

—Xa...

—Tamén lle chegou, non pense...

—...?

—O da morte da nai, digo...

—E iso?

—Un funeral *express*, e din que crematorio e cinsas na casa, pero tampouco o sei. Se así fose, terá un altar para ela, supoño... Coa de misas que colleccionou a señora, ten o ceo ganado. Xa lle digo, un tipo ben raro.

Tan cumprida información arredor do doutor excitou a miña curiosidade por saber que opinaba o tal sobre o achado. Como estaban a falar, arrimeime con disimulo a unha distancia prudente do grupo para poñer a orella. A noite abrigábame. O can deixara de ladrar por fartura, e o silencio era tal que unha leve brisa me traía o son limpo da conversa, mentres a chuvia caía feble.

O doutor agachouse e o resto permanecían de pé, expectantes.

Ergueuse e dirixiuse nun ton alto aos uniformados.

—Alguén tocou o cadáver?

Franeiras respondeulle que non.

—Seguro? —semellaba cabreado.

—Chamounos o veciño que o localizou, coñecido noso, e deseguida reclamamos a presenza dos compañeiros da Garda Civil. Ata que chegaron vostedes.

Rexo, cano de cabelo, ademais de rizado, e con lentes de miope, volveuse agachar, ergueuse e pareceume que movía a cabeza con desaprobación, falando outra vez cos de uniforme, co funcionario que acompañaba a xuíza e tamén con ela.

O can decidiu que perdera a paciencia e retornou aos ladros. O tal Nico achegouse de novo, e entre el e o can impedíronme pillar as verbas coa limpeza necesaria.

Comezaba a baixar a temperatura e estabamos á intemperie. O ambiente era desagradable e a chuvia deixara de ser mansa para regresar con certa forza.

Vin que os da ambulancia se achegaban coas angarellas regulamentarias para levar a pulso, pois era imposible desprazar a padiola de rodas ata alí; ao pouco xa o trasladaban, supuxen que a un anatómico para practicarlle a preceptiva autopsia. A partir daquel intre, o sarxento e mais eu xa quedabamos afastados de calquera novidade que se producise.

Fomos marchando todos e os da Local recolocaron a cinta arredor do escenario do crime. Os da científica virían ao día seguinte.

O garda estaba de mal humor e despediuse do Nico.

—Coidarse —dixo.

—Un pracer, Frank —díxome cun xesto.

Xa estabamos ambos os dous no coche.

—Vaia personaxe. Non debe quedar na vila ningún do que non saiba vida e milagres —comentei.

—Nicolás Méndez Saturio, para nós Nico, é un laretas xubilado por cousas da saúde e con intereses nalgún negocio. Con outro que acabou dicindo misa, foi o único da vila que marchou a estudar no Seminario sen chegar a vestir hábitos. Hai anos pasou por unha fonda crise de xogo, e había tempo que non coincidíamos. Morreulle a muller hai poucos anos, por certo boa moza, dunha familia adegueira de Cambados. Mesmo se afeccionara ao mar alí e tiña unha pequena motora coa que saía a pescar. Visítao por veces unha filla única, que traballa fóra.

Percibía a Franeiras moi cabreado.

—O babeco do forense!

—...?!

—Veña a tocar os collóns con que alguén andara no cadáver!

—...?

—Que se acababa de regresar dunha partida de caza, que se tivera que se achegar sen estar de garda, que se a Local nada pintaba alí, que se señoría isto e señoría o outro... Fervíame o sangue. Case lle remango unha hostia!

—Pero dixó algo do friame?

—Non, o seu foi que o lugar se contaminou e que alguén fozara no Amargo.

—Dixó o tal Nicolás que é unha eminencia na profesión, e pode que sospeitase algo, en fin...

—A xuíza ordenou retiralo e o das protestas mandouno levar a Ourense para a autopsia, que lle corresponderá facer ao incorporarse pola mañá.

—Pícame a curiosidade por saber da nota —comentei.

—Imaxina a miña...

Fomos ao cuarteliño, pechado a aquelas horas da noite, pois os gardas de servizo estaban con nós e o Franeiras mandáraos continuar coa patrulla. Entramos no seu despacho e sentamos. Sacou unha caixa con luvas de látex e pillamos cada un a súa. Colleu unhas pinzas de depilar e con moito coidado desfixo as dobreces daquela nota.

Viña impresa nunha láser estándar; así a tinta tardaría en esborrallar o papel, e máis coa boca xa seca, e iso debía sabelo ben quen a puxo alí.

O fillo bastardo non poderá ser admitido na congregación de El-Señor, nin aínda despois da décima xeración.

Mirámonos.

—Nin puta idea —dixo o sarxento.

Eu tampouco.

No país onde nacín, tan abondoso en igrexas e seitas para todos os gustos e cores, aquel texto non me sorprendería; de feito, tiñamos na policía expertos niso ou recorriamos a profesionais que deseguida aclaraban esta clase de enigmas, ou polo menos a fonte e a bandeira que agachaban.

Consultou a hora, compuxo un xesto de aprobación e fixo unha chamada.

—Boas noites, son Franeiras, da Local, andará don Eutimio por aí?

—...

—Non, non é para un viático, dígalle que se poña.

—O párroco. Xa ten anos —dicíame, tapando o auricular para que non se ouvisse do outro lado.

Regresou ao teléfono.

—Boas noites, si... Que está a ler na Biblia? Pero home, non a terá xa ben lida... Verá, don Eutimio, precisamente teño un texto que cumpría aclarar, e eu destas cousas seille pouco...

—...

—Se agarda por min, vou cun compañeiro e lévollo.

Franeiras colgou, enchufou a fotocopiadora e sacou copia daquela nota. Fixo outra para min, pois o orixinal debería gardarse. Como é lóxico, xa non se podería usar como proba porque, en levándoa con nós, cometeramos un delito, pero quizais nos valería se finalmente o sarxento se animaba a tirar do caso.

En dez minutos estabamos na reitoral. Abriunos unha señora moi maior, a irmá do crego, con cara de “que horas son estas de molestar se para un viático non era”. Levounos a un cuarto pequeno e sobrio, presidido por un crucifixo algo grande e por un retrato dunha Virxe pendurado detrás. O abade, que me pareceu miúdo e que conservaba o seu cabelo, estaba a ler sobre a mesa cunhas lentes que lle esvararan ata a metade do nariz; nada máis erguer a vista e decatarse da miña ollada dirixida á parede, tivo a ben precisar:

—A Virxe do Carme.

Asentín.

O axente sacou o gorro en actitude de respecto e o anfitrión mandounos sentar en senllas cadeiras de madeira fronte a el.

—E din vostedes que traen un texto... —mirou para o sarxento, que xa tiña o papel na man, e pasoullo.

O crego, que andaría polos oitenta e que polo visto non se xubilara, cambiou as lentes e leu a fotocopia en voz alta.

—Pertence ao Deuteronomio, libro bíblico do Antigo Testamento. Tería que buscar o versículo e a referencia exacta. Cómprelles agora?

Franeiras respondeulle que aquela frase era importante e que canto máis soubésemos dela, e máis pronto, mellor.

Don Eutimio ergueuse con algunha dificultade, coa sotana posta, e pediunos que agardásemos. Foi unha espera duns dez minutos, que Franeiras e mais eu empregamos en falar de banalidades para dar sensación de normalidade. Ben sabiamos que naquela hora nin o abade nin a súa irmá sabían ren do acontecido en Mesego.

Apareceu ao cabo traendo un volume de aspecto avellentado.

—Como lles dixen, Deuteronomio, versículo 23: 2-4.

Antes de sentar na cadeira, aínda rosmou...

—Véndote pouco na misa como te vexo, fillo —faláballe a Franeiras—, supoño que nada saberás de todo isto

—Boh, mire, don Eutimio, estoulle moi agradecido pola información, pero tampouco vostede sabe nada de Seguridade e das nosas cousas, así que, como di o Evanxeo de San Mateo, que desta acórdome, “ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus”...

O crego mostrouse sorprendido, non tanto porque o sarxento lle respondese como polo argumento utilizado para facelo. Xuraría que medio sorriu.

Eu non podía deixar escapar a oportunidade por se o tal Deuteronomio, do que non escoitara falar na vida, puidese achegar algún dato que encaixase co asasinato.

Xa o abade tomara asento outra vez, aínda con aquel libro na man e as lentes pola metade do nariz, cando entrei na conversa.

—Que é iso do Deuteronomio?

Reaccionou á miña pregunta co xesto de “e vostede quen vén sendo?”, obrigando a intervir a Franeiras.

—Un parente da muller, dos Estados Unidos.

Compracido, o da sotana sacou de erudición, empregando un ton de púlpito.

—O Deuteronomio é o quinto libro bíblico do Antigo Testamento, do chamado Deuteronomio dos cristiáns, e atópase antes dos chamados Libros Históricos. O seu nome procede do grego, *deúteros nómos*, ou Segunda Lei, pois a Primeira foi a que recibiu Moisés da man de Deus no Sinaí.

—Pero o do “fillo bastardo excluído”...

—Iso non é así na Igrexa actual, onde os fillos ilexítimos xa teñen cabida no rabaño do Señor. Coa chegada de Xesús aparece o Novo Testamento, polo que nos rexemos agora.

Franeiras escoitaba atento.

—Quen pode escribir algo así? —pregunteille ao crego forzando a máquina.

—Alguén que fai humor con cousas tan serias ou alguén co sentido avariado, non lle sei.

Para min era a segunda opción, mais gardeime de llo dicir.

O da Local deulle as grazas a don Eutimio e prometeulle ir máis pola igrexa.

Pasaba xa das doce da noite e Franeiras suxeriu regresar ao despacho.

—Apetéceme fugar neste crime, como o ves?

Diso quería falarlle, pois non semellaba doado para un da Local, e dubidaba de que el só chegase moi lonxe co caso. Había algo naquilo que sinalaba que podía ser obra dun experto ou que se trataba dun impostor que traballara o crime a conciencia. O detalle das unllas e o feito de que non houbese sangue desconcertábanme.

—Pode ser o primeiro dun psicópata agardando volver actuar, se antes non o fixo xa, ou pode ser unha vinganza ou unha represalia —ata eu dubidaba.

—O Amargo xa non andaba moito por aquí, pero si en tempos en que gastaba duro...

—Un fodenchas, non si?

—E ti como o sabes? —sorprendino coa observación—. Ata onde eu sei, un divorciado irreductible e un *picaflor*.

—O Nicolás deixoume algunha perla cultivada que nunca sobrará nunha investigación.

—Como cal?

—O soar do crime pertenceu á familia do defunto.

—Non reparara niso.

—Faloume tamén de polo menos tres casadas ás que lles fixo as beiras.

—Aproveita o tempo ese *bocachanclas*.

—Seica o sabiades todos.

—Tanto coma iso... Non teño idea de a quen se beneficiaba, máis alá dos botaporelas habituais de calquera vila onde nos coñecemos dabondo; cando non hai que rañar, botamos a lingua a pacer.

Comenteille que quizais era bo falar co Nicolás e tirar dese fío, pois, se cadra, chegabamos á madeixa e había outras mulleres. Desa maneira nutríase a tese dunha vinganza a cargo dun marido enganado ou mesmo dalgunha delas, que ou ben quixo facer desa-

parecer a testemuña da súa infidelidade ou se sentiu menosprezada. Sen oportunidade de comprobalo, o corpo parecérame amputado na entreperna, polo que a hipótese semellaba atinada.

—Era un mingurrias e unha muller forte ben podería con el, chegado a iso —engadín.

Franeiras asentiu.

—Por certo, a dona do forense beneficiouse dos engados do tal Amargo...

Descoloqueino e completei a información que me dera o Nicolás.

—Seica foi hai anos; despois divorciáronse, pero o bo do Nico non precisou se como consecuencia da infidelidade ou non.

—O do divorcio sabíao —confirmou Franeiras—. Imaxinei que o deixara a muller porque o fulano era intratable. Tampouco me estraña, tiña unha nai para darlle de comer á parte. Que cousa máis repunante! Enloitada da cabeza aos pés. Realmente acabou escarallando o fillo.

Regresei ao soar.

—E se morreu por algunha merda vinculada coa propiedade? Observei que un enorme cartel anuncia futuras vivendas.

Asentiu anotando ese fío por se cumpría turrar del.

Franeiras acordou meterse no caso pola súa conta, co meu compromiso de axudalo mentres mo permitise o traballo con Dalia Maxino, xa ben acreditada profesionalmente como detective privada, de ser necesario.

—Pídemo o corpo, malia non lle deber nada a ese desgraciado —rematou o seu desexo.

O sarxento tería que mirar como meter o nariz sen levantar sospeitas da Garda Civil e mais da policía. E así llo dixeran.

—Na Brigada de Homicidios e Desaparecidos da Policía Nacional teño os meus contactos, e na que viste de verde tamén,

aínda que cómpre agardar pola autopsia: imaxino que chegará nun par de días.

Do traxecto da Praza Maior ao aparcadoiro, pillei unha boa molla. A noite non estaba para pasear. Algúns escaparates aínda tiñan luz, pero xa pecharan os bares. De haber un aberto, de boa gana tomaría un bourbon.

Entrei no cuarto da Almuzara preto das dúas da mañá.

Ao día seguinte resumíralle o suceso a Dalia, pois ao cabo iamos contar con ela. Sería de grande utilidade.